



# PLAN DIXITAL

## CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

## Índice do Plan Dixital

### 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

### 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

### 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

### 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O centro educativo CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES é un centro privado concertado de Formación Profesional sito na praza de Angel Ron Fraga (médico) número 9 na cidade de A Coruña.

Actualmente oferta dúas etapas educativas: Formación Profesional Básica (FPB) e Ciclos Medios de Formación Profesional (CM).

Os ciclos que oferta na FPB son:

Informática e Comunicaci3ns: ciclo de 2.000 horas

Servizos Administrativos: ciclo de 2.000 horas

Os ciclos que oferta nos CM son:

Familia de Sanidade:

Farmacia e Parfarmacia: ciclo de 2.000 horas

Coidades Auxiliares de enfermaría: ciclo de 1.400 horas

Familia de Comercio e Marketing:

Actividades Comerciais: ciclo de 2.000 horas

Familia de Administración e Xestión:

Xestión Administrativa: ciclo de 2.000 horas

En total o centro conta con 12 unidades ofertando os ciclos completos.

No centro educativo contamos con 19 profesores e prazas para os ciclos nunha totalidade de 300, polo que anualmente o alumnado matriculado ronda en torno esa cifra.

A páxina web do centro: [www.cprnebrija.es](http://www.cprnebrija.es)

O correo electrónico do centro: [cpr.nebrija@edu.xunta.gal](mailto:cpr.nebrija@edu.xunta.gal)

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro privado concertado de formación profesional Nebrija Torre de Hércules é un dos máis antigos de A Coruña. Actualmente atópase nunha xona das máis céntricas da cidade de A Coruña e dispón de comunicacións axeitadas, que facilitan a asistencia dunha minoría significativa de alumnos e alumnas moi afastados da súa zona de influencia aínda que o alumnado caracterízase pola súa orixe xeográfica heteroxénea.

O plan dixital na súa versión 1.0 ten implicación directa no plan acción tutorial do centro en relación con todos os axentes implicados: alumnado, familias e profesorado a través da organización da xefatura de estudos e da dirección responsable da implementación do Plan Dixital. Además o plan dixital ten implicación directa no proxecto lingüístico.

No curso 2022/2023 o plan dixital forma parte da programación xeral anual implicando a todas as súas partes e integrando, actualizando e adaptando a programación xeral a dixitalización programada para este curso escolar

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

### 1.4. Proceso de elaboración

Nomeouse un Equipo de Dinamización do Plan Dixital que analizou, organizou, coordinou e traballou baixo as instrucións da Consellería, o asesoramento do Centro de Formación e Recursos de A Coruña e a mentorización do equipo ADIX para obter como resultado o presente documento cos obxectivos a implementar no curso 2022/2023 e como base para as seguintes versións.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A infraestrutura do centro en canto a dixitalización é a seguinte: o centro dispón de dúas aulas de informática conectadas á rede con cableado. A súa vez o centro educativo dispón de conexión wifi que da cobertura ao 60 % restante do centro educativo.

En canto ao equipamento dispoñible nas dúas aulas de informática hai un total de 45 ordenadores fixos. Ademais cóntase con 3 portátiles para uso do profesorado, 1 ordenador fixo para o profesorado e dous ordenadores sitos na secretaría do centro e no despacho de dirección.

O centro educativo conta con 3 proxectores e un equipo de impresión e escaneo.

Servizos dixitais educativos que facilitan a xestión docente: páxina web do centro e aula virtual.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

**Autoavaliación SELFIE-** resumo das áreas do informe SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		FP
A -Liderado	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.3
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	3.3
	Alumnado	3.1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.2
	Profesorado	3.2
	Alumnado	3.4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.9
	Profesorado	3.5
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.4
	Profesorado	4.2
	Alumnado	4.3
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.9
	Profesorado	3.4
	Alumnado	3.3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	3.2
	Alumnado	3.1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.3
	Profesorado	3.8
	Alumnado	3.5

**Test CDD:**

### Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
Profesorado CPR NEBRIJA	<u>19</u>	<u>19</u>	<u>100%</u>

### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
95.1	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
F.P	94.4	Integrador/a (B1)	80.2	Integrador/a (B1)

### Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0 %
A2	2	10.6 %
B1	7	36.8 %
B2	3	15,8 %
C1	7	36.8 %
C2	0	0 %
<b>TOTAL</b>	<b>19</b>	<b>100 %</b>

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	ASISTENCIA TÉCNICA, PROTECCIÓN DE DATOS	ACCESO A INTERNET INSUFICIENTE, EQUIPAMENTO E REDES NON ACTUALIZADAS, CARACTERÍSTICAS DO SOFTWARE INSTALADO NOS EQUIPOS MELLORABLE.
	PERSOAL DOCENTE	ÚSANSE SUFICIENTE RECURSOS DIXITAIS, CRÉANSE RECURSOS DIXITAIS, EXISTE SUFICIENTE COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA, EXISTE ADAPTACIÓN ÁS NECESIDADES DO ALUMNADO, UTILÍZANSE TÉCNICAS DIXITAIS PARA FACILITAR RETROALIMENTACIÓN AXEITADA DO ALUMNADO.	NON SE UTILÍZAN TECNOLOXÍAS DIXITAIS SUFICIENTES PARA QUE O ALUMNADO REFLEXIONE SOBRE A SÚA APRENDIZAXE, O USO DAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS PARA AVALIAR AO ALUMNADO É INSUFICIENTE ASÍ COMO A UTILIZACIÓN DE TECNOLOXÍAS DIXITAIS PARA QUE O ALUMNADO POIDA REALIZAR OBSERVACIÓNS CONSTRUTIVAS SOBRE O TRABALLO DOS DEMÁIS
	PERSOAL NON DOCENTE	NON EXISTE NO CENTRO PERSOAL ASISTENCIAL NIN AUXILIAR EDUCATIVO	NON EXISTE NO CENTRO PERSOAL ASISTENCIAL NIN AUXILIAR EDUCATIVO
	ALUMNADO	O ALUMNADO APRENDE A CREAR CONTIDOS DIXITAIS, COMPROBAR INFORMACIÓN FIABLE E COMUNICARSE DIXITALMENTE DE MANERA SUFICIENTE. EXISTEN HABILIDADES DIXITAIS ADQUIRIDAS POLO ALUMNADO EN DIFERENTES MATERIAS	BAIXO USO DE TECNOLOXÍAS PARA AVALIAR ENTRE IGUAIS, AUTOVALIACIÓN. O ACCESO DO ALUMNADO A DISPOSITIVOS DIXITAIS FÓRA DO CENTRO EDUCATIVO É INSUFICIENTE.
	FAMILIAS	PORCENTAXE MOI ALTO DE ALUMNADO CON MAIORÍA DE IDADE	A COLABORACIÓN E A COMUNICACIÓN CON TECNOLOXÍAS DIXITAIS É INSUFICIENTE E ESCASA NAS FAMILIAS DO ALUMNADO MENOR DE IDADE (PORCENTAXE MOI BAIXO DO ALUMNADO)
	OFERTA	EXISTE ESTRATEXIA DIXITAL, A TIPOLOXÍA DA OFERTA EDUCATIVO DO CENTRO É AMPLIA	INSUFICIENTE PARTICIPACIÓN DE EMPRESAS NA ESTRATEXIA DIXITAL
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	TRANSFORMACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE CO USO DE FERERAMENTAS DIXITAIS, USO ACTIVO E CREATIVO DE AULAS VIRTUAIS SUFICIENTE. SUFICIENTE A RESOLUCIÓN DE INCIDENCIAS TÉCNICAS. EXISTEN ESPAZOS PARA COMPARTIR RECURSO DIXITAIS	NON SE UTILIZAN EQUIPOS PROPIOS DO ALUMNADO. BAIXO USO DE TECNOLOXÍAS PARA AVALIAR ENTRE IGUAIS, AUTOVALIACIÓN

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	UTILIZACIÓN DE PLATAFORMAS DIXITAIS PROMOVIDAS POLA ADMINISTRACIÓN	ACHEGAS ECONÓMICAS QUE RECIBE O CENTRO INSUFICIENTES. ESCASEZ DE EQUIPAMIENTO INFORMÁTICO ACTUALIZADO POR FALTA DE RECURSOS ECONÓMICOS. O PROFESORADO NON DIPÓN DE TEMPO SUFICIENTE PARA EXPLORAR NOVAS MODALIDADES DE ENSINO, FALTA DE RECURSOS PARA A FORMACIÓN CONTINUA DO PROFESORADO: O PROCESO DE SELECCIÓN DE ACCESO Á FORMACIÓN DO PROFESORADO IMPIDE QUE O PROFESORADO DA CONCERTADA A MAIORÍA DAS VECES NON POIDA REALIZAR A FORMACIÓN
	LEXISLACIÓN	MANEXO DOS CONTIDOS DIXITAIS: POLÍTICA DE PROTECCIÓN DE DATOS, FIABILIDADE E CREDIBILIDADE DA INFORMACIÓN, COMUNICACIÓN USANDO TECNOLOXÍAS DIXITAIS	CONVIVENCIA DE TRES LEIS EDUCATIVAS ACTUALMENTE NO CENTRO EN FUNCIÓN DO CICLO A CURSAR: LOXSE, LOE E LOM-LOE .INCOHERENCIAS ENTRE LEXISLACIÓN NON EDUCATIVA E LEXISLACIÓN EDUCATIVA : PROTECCIÓN DE DATOS, LABORAL, FISCAL
	CONTORNA	EXISTENCIA DE PROXECTOS EXTERNOS COLABORATIVOS, UTILIZACIÓN DE RECURSOS E PLATAFORMAS DIXITAIS PROMOVIDAS POR EDITORIAISRELACIÓN CON PERSOAS ALLEAS AÁ COMUNIDADE EDUCATIVA QUE COLABORAN CO CENTRO E PROMOVEN A DIXITALIZACIÓN	NON EXISTEN ESTRATEXIAS CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS. A PARTICIPACIÓN DAS EMPRESAS/ENTIDADES NA ESTRATEXIA DIXITAL DO CENTRO É INSUFICIENTE POR EXISTIR PORCENTAXES ELEVADAS DE EMPRESAS ON DIXITALIZADAS. CONDICIÓNS SOCIOECONÓMICAS DA CONTORNA BAIXAS
	ANPA	NON EXISTE ANPA NO CENTRO EDUCATIVO	NON EXISTE ANPA NO CENTRO EDUCATIVO
	OUTRAS ENTIDADES	PROXECTOS DE COLABORACIÓN CON ENTIDADES E ORGANISMOS ALLEOS AO CENTRO EDUCATIVO COMO O CONCELLO E AS OFICINAS DE INFORMACIÓN XUVENIL, ENTIDADES FINANCEIRAS E OUTRAS EMPRESAS, CORPOS E FORZAS DE SEGURIDADE, ETC.	A PARTICIPACIÓN DAS EMPRESAS/ENTIDADES NA ESTRATEXIA DIXITAL DO CENTRO É INSUFICIENTE POR EXISTIR PORCENTAXES ELEVADAS DE EMPRESAS ON DIXITALIZADAS



### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas o Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO é a seguinte:

Establécense áreas prioritarias e determinar os obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal. Estes obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Co Plan de Acción indícase onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.

Co Plan de Acción determínanse as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas que presenta o centro, equipamento e servizos dixitais educativos son as seguintes:

Necesidade dunha conexión estable por wifi no centro educativo co fin de poder achegar a todo o alumnado e a todo o profesorado o acceso á comunicación dixital.

Necesidade de equipos informáticos actualizados para uso do alumnado e do profesorado para facilitar o acceso a comunicación dixital.

Incremento de equipos informáticos para o profesorado para facilitar o traballo docente en materia dixital e que non teñan que depender de equipos informáticos propios, que poidan ser facilitados polo centro educativo como recurso de traballo.

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA, APOIO E RECURSOS						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	<b>Promover a comunicación entre os titores có alumnado, familias e organismos institucionais externos a través do sistema ABALAR. (E4)</b>				Acadado	
<b>Responsable:</b>	O/a director/a do centro educativo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións a través do sistema ABALAR					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% dos titores					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	70% dos titores.			30 de abril de 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación dun grupo de traballo encargado da formación e a mentorización sobre o programa ABALAR.	Equipo directivo e membros do Plan Dixital	30 Setembro	Acta que recolle a creación do grupo de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realización da formación dirixida aos titores sobre as funcionalidades do ABALAR	Equipo directivo e membros do Plan Dixital	31 Outubro	Recursos humanos, Dispositivos e conexión a internet, Sala de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Revisión do número de profesorado que empregou o programa ABALAR para a comunicación có alumnado e familias	Equipo directivo e membros do Plan Dixital	Finais do segundo trimestre.	Dispositivos e conexión a internet, cuestionario		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: PRÁCTICAS DA AVALIACIÓN						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	<b>Aumentar o número de profesorado que emprega tecnoloxías dixitais para a avaliación do alumnado (G1, G3)</b>				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Director/a do centro educativo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Porcentaxe de profesores e profesoras que empregan tecnoloxías dixitais como o recurso “cuestionario” ou plataformas educativas como “Liveworksheets” para avaliar ao seu alumnado.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	20% do profesorado					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	60% do profesorado.			22 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Análisis dos recursos dixitais dos que xa dispón o centro para a avaliación do alumnado: “cuestionario” na aplicación Moodle.	Equipo directivo e membros do Plan Dixital	30 Setembro 2022	Moodle, ordenador, tablet ou móbil.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Revisión das últimas novidades en tecnoloxías dixitais para a avaliación do alumnado: Kahoot, Quizzizz, Formative, Liveworksheets, etc.	Equipo directivo e membros do Plan Dixital	31 Outubro 2022	Internet e ordenador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Formación do profesorado sobre as últimas novidades en tecnoloxías dixitais para a avaliación.	Equipo directivo e membros do Plan Dixital	30 Novembro 2022	Internet, ordenador, aula polivalente.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURA						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	<b>Achegar a conexión a internet ao máximo de aulas posible.(C2,C3)</b>				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Director/a do centro educativo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Porcentaxe de aulas ás que chega a conexión a internet					
<b>Valor de partida: (3)</b>	50% das aulas					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	80% das aulas.			21 diciembre de 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Valorar as alternativas de conexión	Equipo Directivo	30 Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Conectar o máximo de aulas posibles	Equipo Directivo	31 Decembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA, APOIO E RECURSOS						
<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	<b>NÚMERO DE REDES SOCIALES ACTIVAS (E4)</b>				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Director/a do centro educativo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de redes sociais que se crean					
<b>Valor de partida: (3)</b>	2 RRSS					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	4 RRSS.			30 Setembro 2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación das figura/s do "Comunnity Manager" do centro	Equipo directivo	30 Setembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

#### 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

#### 5. Difusión do plan

A estratexia ou protocolo para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa, en relación co Plan de Comunicación do Centro, será a súa publicación na páxina web do centro.